

Dubert, Isidro (ed.). 2016. *Historia das historias de Galicia*.  
Vigo: Edicións Xerais de Galicia. 403 pp.

“Somos o que cremos ser e o que cren que somos”. Con esta cita do poeta francés Valéry ilustra o editor Isidro Dubert (2016: 11) o obxectivo principal deste substancioso volume, co que se busca abrir unha fiestra á redefinición do que somos os galegos a través dunha relectura do que durante moito tempo levamos crendo ser. Esta compilación de doce artigos, publicada por Xerais na colección de Crónica (Historia) e que gañou o Premio Fervenzas 2016 ao mellor libro de ensaio/investigación, pretende “indagar nas orixes, no como e no porqué das diferentes historias de Galicia que hoxe en día circulan polo país” (Dubert 2016: 7), un propósito que consegue sen dificultades.

Tras un breve limiar no que se describen os contidos do libro e unha máis demorada introdución do editor na que se presenta unha panorámica das achegas á historia de Galicia e se destaca a importancia de distinguir aquelas que seguen aproximacións metodolóxicas actualizadas e procesos de investigación rigorosos, comeza o núcleo do libro, dividido en catro apartados xerais que se articulan a modo de cronoloxía da historia de Galicia. O primeiro deles céntrase na protohistoria e cuestiona as aproximacións á presenza dos celtas que se teñen feito ata o de agora. A sección comeza co artigo “Que foi dos nosos celtas?”, de Francisco Javier González García, no que o autor realiza unha completa panorámica do celtismo tanto en Europa como en Galicia nos séculos XIX e XX. A comparación dos achados arqueolóxicos galegos cos que tradicionalmente definiron a celticidade en Europa sérvelle para concluír que, desde unha concepción clásica dos celtas segundo criterios arqueolóxicos non se pode falar da súa presenza no noso país –como tampouco noutros territorios considerados celtas hoxe, como Irlanda–, mais si se

pode considerar a súa pegada se utilizamos unha definición máis ampla que inclúa elementos lingüísticos e aceptamos que “o proceso de celtización pode presentar múltiples formas desde o punto de vista da cultura material” (Dubert 2016: 65). Nunha liña argumentativa complementaria, Manuel Gago, en “Os celtas na cabina do Doutor Who: A constante reinvencción dunha realidade”, presenta unha amena aproximación á idea dunha celticidade baseada en “complexas e dinámicas relacións sociais entre pobos atlánticos ao longo de milenios e que, desde logo, non remataron nin moito menos coa romanización” (Dubert 2016: 72). Non se considera tan importante, polo tanto, a presenza ou non de celtas ‘propriadamente ditos’ en Galicia (mesmo se formula a posibilidade de intercambiar as palabras ‘celta’ e ‘atlántica’), senón que o esencial é decidir como podemos aproveitar a indubidable relevancia que esta identidade tivo no desenvolvemento do noso relato e no imaxinario popular para redefinir quen somos hoxe en día. Ambos os autores, malia discorrer por camiños diversos, mostran unha clara idea partillada sobre a transcendencia da redefinición da celticidade e da reubicación do debate no territorio do presente en lugar da menos frutífera conversa enfocada unicamente no pasado.

24

A segunda parte do libro céntrase en facer unha profunda revisión do período medieval a través dos textos de Anselmo López Carreira e Xosé Miguel Andrade Cernadas. López Carreira, no seu capítulo “Da creación histórica á eliminación historiográfica do reino medieval de Galicia”, presenta unha suxerente panorámica histórica da relevancia do reino de Galicia na época medieval e da súa desaparición da historiografía medieval española ao comezo do século XX, na que Galicia aparece como un “mero espazo marxinal” (Dubert 2016: 101) con respecto as denominacións de reino de Asturias e de León, contradicindo toda unha serie de fontes históricas que destaca o autor. Para López Carreira é, polo tanto, fundamental insistir nunha correcta denominación do “espazo político galaico” (Dubert 2016: 116) para ser quen de comprender máis profundamente fenómenos históricos que ata o de agora non se puideron explicar de xeito coherente e, polo tanto, presentar unha nova visión da historia medieval tanto de Galicia como de España. Pola súa banda, Andrade Cernadas, en “Algunhas historias por tratar da Historia Medieval de Galicia”, presenta acertadamente algúns dos novos temas de estudo dentro do medievalismo galego. No seu texto perfílanse algunhas nocións introdutorias sobre a falta de documentación sobre os suevos e o esquecemento no que quedaron debido á maior querenza polos visigodos

da historiografía española, mais tamén sobre a importancia da relectura dos documentos dos arquivos dos mosteiros, a través dos que podemos construír unha nova narrativa sobre temas tan importantes como o poder das mulleres na Idade Media ou mesmo a consideración da homosexualidade no período. Por último, ofrécese tamén no capítulo unha breve mais interesante presentación dalgúns dos erros que ata o de agora se cometeron na reflexión sobre as peregrinacións xacobeas na altura. Dous textos ben ilustrativos sobre un período clave na nosa historia.

O terceiro bloque de artigos mostra o interese particular que ten o editor en loitar contra os mitos do período que se vén denominando Séculos Escuros; é a parte máis ampla do libro con diferenza, pois conta con cinco contribucións individuais, e busca presentar unha aproximación alternativa á idea de que esta época supón, tal e como se expón no limiar do libro, un “burato negro no noso pasado” (Dubert 2016: 7). O bloque comeza co artigo “A invención dos Séculos Escuros”, no que o historiador Henrique Monteagudo expón unha reveladora investigación sobre a creación e evolución histórica dun concepto que é moito máis recente do que habitualmente se considera, tanto que non aparece ata os anos setenta do século XX. Co obxectivo pois de comprender a aparición do concepto, Monteagudo aproxima unha definición do termo e continúa cunha interesante panorámica do que supuxo esta época desde unha perspectiva fundamentalmente lingüística, a través dunha revisión da vida literaria dos séculos XV a XVIII e do tratamento de temas como a importancia da literatura oral e dos textos manuscritos na altura, á vez que desmente a idea de que Galicia quedase completamente “mergullada nun absoluto silencio literario” (Dubert 2016: 179). A seguir, Pegerto Saavedra, no seu texto “Os feudais: entre os Irmandiños e as Comunidades de Castela”, reformula a actuación dos Reis Católicos en Galicia, poñendo en contexto o seu impacto e destacando o papel fundamental que a nobreza galega tivo á hora de implantar as políticas dos monarcas. Aclara o autor que nin os monarcas foron tan inimigos da nobreza galega en tal que estamento como argúen algunhas fontes, nin o seu poder era tan grande como para ‘domar’ por completo os señores que, ben polo contrario, se viron beneficiados cunha nova situación política que “viría restablecer unha orde feudal ou señorial vantaxosa para a Igrexa e para os cabaleiros” (Dubert 2016: 200). María del Carmen Saavedra continúa cunha liña argumental semellante e destaca no seu artigo a importancia política de Galicia dentro da Coroa de Castela, á vez que revisa os límites do poder dos monarcas arredor de tres ideas fundamentais: unha

relectura do absolutismo que se argúe que demostraban, unha revisión da unidireccionalidade do sistema político desde Castela ata o resto do territorio e unha reconsideración da imaxe que ata o de agora se tiña dun poder político totalmente monopolizado polo Estado. A etapa dos séculos modernos presentásenos, polo tanto, como unha época moito máis rica e dinámica do que se pensaba e o papel de Galicia no territorio hispánico ponse en valor pola súa posición xeoestratéxica. É, polo tanto, esencial repensar como se produciu a integración do noso territorio nas estruturas da monarquía e o que esta integración significou para Galicia como suceso político. En relación con isto, resulta particularmente interesante a nova visión que Ofelia Rey Castelao ofrece na súa achega “As Historias de Galicia na Idade Moderna”, na que analiza a elaboración e manipulación da historia de Galicia por parte das elites do país na altura. Argúe a autora que a falta de historiadores profesionais na nosa terra provocou unha deficiencia xeral de recursos para interpretar os documentos históricos e creou un dobre problema: por unha banda, que a maior parte das historias de Galicia se escribisen “fóra, ou por estranxeiros” (Dubert 2016: 241) e, pola outra, que os materiais que se escribían en Galicia fosen incompletos ou de baixa calidade. A través dunha exhaustiva análise dos diferentes tipos de textos sobre historia de Galicia que se conservan (xenealoxías, descrições do territorio, historias urbanas e historia eclesíastica), Rey Castelao ofrece unha fascinante panorámica das visións que se ofreceron sobre Galicia e o relato histórico que construíron, na maior parte dos casos adaptado aos intereses das elites e das familias poderosas. Tamén Isidro Dubert ofrece no seu segundo artigo, “Chegar e amolar. O desembarco dos cataláns nas historias de Galicia” unha profunda revisión da construción da historia segundo os intereses dos poderosos, neste caso en relación coas ideas recibidas sobre a presenza dos cataláns nas costas galegas e o seu impacto na sociedade. Como ben indica Dubert, a chegada dos cataláns a Galicia na segunda metade do século XVIII tivo unha pegada fonda no imaxinario popular galego, especialmente pola hexemonía cultural exercida por unha minoría social privilexiada, que manipulou o discurso sobre a súa pegada na industria pesqueira en Galicia; discurso que, por outra banda, nunca foi cuestionado polos intelectuais do país no século XX e do que, segundo o autor, non conseguiron liberarse “nin sequera os historiadores profesionais que a partir dos inicios da década de 1970 trataron o estudo da pesca nos séculos XVIII e XIX” (Dubert 2016: 298). Esta ampla sección do libro continúa centrada, polo tanto, en desbancar mitos instalados na nosa concepción da nosa historia e en presentar novos datos fundamentais para a formulación de novas ideas e narrativas sobre Galicia.

A cuarta e última sección do libro, na que se inclúen tres textos de Ramón Villares, Edelmiro López Iglesias e Lourenzo Fernández Prieto, lida cos séculos XIX e XX e cuestiona tanto o uso dos símbolos para fins políticos como, sobre todo, o mito do atraso económico de Galicia que persiste hoxe en día. No seu capítulo “Da Frouseira a Carral. Sobre dous fitos da ‘simbólica’ galega”, Villares parte dos procesos de “invención dunha tradición” (Dubert 2016: 307), que se deron nas historias do mariscal Pardo de Cela e dos mártires de Carral e cuestiona a dous dos mitos nacionais máis fortes, obra dos autores do Rexurdimento e recreados polos intelectuais da xeración Nós, que foron utilizados a xeito de lendas heroicas individuais para impulsar un imaxinario patriótico e nacionalista sen aliñación partidaria. Tras a interesante presentación de Villares, queda por decidir, tal e como cuestiona o autor, se estes mitos seguen a ser relevantes hoxe en día. Xa chegados ao século XX, tanto Edelmiro López Iglesias como Lourenzo Fernández Prieto debaten sobre a idea do suposto atraso económico de Galicia, que tan presente segue a estar no noso relato de país. O primeiro comeza por facer unha exhaustiva relectura dos datos económicos do último século, que demostran claramente que tanto o PIB como o nivel de benestar galegos aumentaron considerablemente nos últimos anos e que a estrutura sectorial e social do país experimentou fondos cambios ata converterse nunha sociedade fundamentalmente urbana e terciaria, cun sector público moito máis amplo desde a consolidación das estruturas de autogoberno. Polo tanto, é imprescindible adoptar un novo discurso sobre a Galicia actual no que xa non teña cabida a falsa idea do retraso, así como reconsiderar o seu papel dentro da nova estrutura institucional á que pertence (como rexión da Unión Europea e no seu novo papel de axente económico internacional). Fernández Prieto, pola súa banda, insiste tamén na falacia do dito atraso económico e o seu uso como “muleta para explicarnos política e socialmente como colectivo” (Dubert 2016: 359). O autor revisa polo miúdo unha serie de falsas ideas, como o caciquismo, o suposto individualismo dos galegos, a ausencia de industria ou a emigración e lamenta a negación do progreso no agro galego durante o século XX e a presentación dos éxitos e avances realizados no territorio galego como “anomalías” (Dubert 2016: 360) en lugar de exemplos claros do progreso que se estaba producindo no país. Ambos os autores insisten rotundamente na absoluta necesidade de deixar atrás este mito e revisitar un pasado e un presente que demostran que a sociedade galega está lonxe de sufrir tal atraso e que, ben ao contrario, é unha sociedade dinámica, activa e plural tanto na contorna rural coma na urbana.

Nas últimas páxinas do libro inclúese un breve apéndice bibliográfico de cada artigo baixo o epígrafe “Para saber máis”, que coido que o lector agradecerá tras somerxerse nas páxinas dun libro que non escatima en datos e información moi reveladores e mesmo, nalgúns casos, provocadores. *Historia das historias de Galicia* é un volume profundamente significativo, que ofrece interesantes reflexións sobre a narrativa que os galegos levamos desenvolvido como pobo desde unha perspectiva historiográfica actual que por fin é quen de revisar os mitos fundacionais que, en moitos casos, asimilamos acriticamente como sociedade. Estou convencida de que este libro será un gran catalizador e rexenerador do debate sobre estes asuntos, moi necesario para incluír novas perspectivas que poidan dinamizar o relato do presente grazas ao estudo e reflexión sobre o pasado. Coido, ademais, que era xa imprescindible publicar unha obra divulgativa que tratase estes temas polo miúdo para que esta conversa tan importante para a sociedade galega cruce as portas das universidades e se achegue a un público máis amplo, que tamén busca unha máis fonda comprensión do que é ese ‘ser galego’ sen simplificacións nin estereotipos. Sen dúbida, este é un libro totalmente recomendable para quen queira abrir unha fiestra ás novas formulacións e debates sobre Galicia e comezar novos diálogos arredor de cuestións fundamentais sobre a nosa identidade.